



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOTA DO PROMOTOR AO INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO SERRA DO FARELO
Promotor	AV SERRA DO FARELO SL
Localización	CONCELLOS DE AGOLADA E ANTAS DE ULLA
Expediente	IN661A DXIEM 01/11

SOLICITANTE: Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 20/01/2022 e número de rexistro de entrada 2022/105193, traslado da resposta do promotor ao informe desta Dirección Xeral de data 03/12/2021.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 37.2.i) da lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítese o seguinte

INFORME:

Analizada a documentación remitida polo promotor en relación a súa contestación ao informe previo desta Dirección Xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos a maioría dos requirimentos feitos no informe previo, non obstante, no referente as consideracións feitas no mesmo sobre o estudo preoperacional dos niveis sonoros, na resposta do promotor non establece o nivel de ruído na situación



preoperacional (mediante elección de puntos receptores, traballo de campo e tratamento dos datos) para estimar a situación acústica actual naqueles núcleos rurais máis próximos ao parque para garantir a adecuación do entorno polo que faise constar o seguinte:

Considérase necesario incorporar un estudo acústico preoperacional para estimar a situación acústica actual nos núcleos rurais máis próximos ao parque eólico e outros puntos de interese non habitados, para poder obter datos de orixe e referencia, para asegurar a ausencia de efectos significativos sobre o medio ambiente, dos que podan derivarse afeccións á saúde da poboación.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

